



## 1.-ORGANIZACIÓN

A fundación ADRA en colaboración cos Concellos de Cambre e Culleredo, organizan a segunda edición da Carreira solidaria para as familias desfavorecidas de Cambre o vindeiro domingo 14 de outubro, baixo o control técnico da Federación Galega de Atletismo, a través da súa delegación en A Coruña.

É unha proba incluída no Calendario Oficial da FGA coa distancia non homologada.

A Fundación ADRA (Axencia para o Desenvolvemento e Recursos Asistenciais) con CIF G82262932, está legalmente recoñecida e inscrita no Rexistro de Fundacións do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade com o número 28/1142. ADRA pertence á Plataforma Nacional para a Promoción do Voluntariado.

ADRA Temple iniciou a súa actividade no ano 1997. É unha organización que ao longo dos anos ven realizando un servizo a favor das familias de Cambre, asumindo e apoiando todas as iniciativas con fondos propios.

As accións centráronse en atender ás familias de escasos recursos do Temple proporcionándolles alimentos e roupa, colabora co Concello de Cambre apoiando ás familias que son derivadas desde os servizos sociais.

Co obxectivo de conseguir máis recursos para os máis necesitados, xorde a organización desta carreira solidaria para poder dotar de mellores servizos e prestacións, tales como poder comprar alimentos, a organización dunha festa de Nadal e unha festa de Reis para os nenos.

**ADRA quiere dar as grazas a todos os participantes da edición anterior, xa que coa súa axuda logrouse alcanzar o obxectivo perseguido.**

## 2.-PARTICIPANTES

A participación está aberta a todas as persoas federadas ou non, indepentemente da súa idade cunha clasificación conxunta. O control da carreira estará a cargo do Comité de Xuíces da Federación Galega de Atletismo.

Cada corredor participa baixo a súa responsabilidade e dispón dun nivel de condición física suficiente para afrontar a proba.

### 3.-LUGAR, HORA DE SAÍDA E CATEGORÍAS

Saída: Desde o paseo marítimo do Temple (Cambre) en fronte ao antigo Centro de Saúde.  
O percorrido será ao longo do paseo marítimo do Burgo (Culleredo) e o paseo marítimo do Temple (Cambre).

| CATEGORÍA  | ANO DE NACEMENTO          | HORA    | DISTANCIAS     |
|--|---------------------------|---------|----------------|
| Sub 18   | 2001 - 2002               | 10:30 h | 5.6 km aprox.  |
| Sub 20   | 2000 - 1999               | 10:30 h | 5.6 km aprox.  |
| Sub 23-Senior                                      | De 1998 ata 34 anos       | 10:30 h | 5.6 km aprox.  |
| Máster 1   | Dende 35 anos ata 39 anos | 10:30 h | 5.6 km aprox.  |
| Máster 2   | Dende 40 anos ata 44 anos | 10:30 h | 5.6 km aprox.  |
| Máster 3   | Dende 45 anos a 49 anos   | 10:30 h | 5.6 km aprox.  |
| Máster 4   | Dende 50 anos a 59 anos   | 10:30 h | 5.6 km aprox.  |
| Máster 5   | Dende 60 anos en adelante | 10:30 h | 5.6 km aprox.  |
| Sub 16   | 2004 - 2003               | 11:30 h | 1.640 m aprox. |
| Sub 14   | 2006 – 2005               | 11:30 h | 1.640 m aprox. |
| Sub 12   | 2008 - 2007               | 11:45 h | 820 m aprox.   |
| Sub 10   | 2010 - 2009               | 11:45 h | 820 m aprox.   |
| Pequerrecho  | 2011 e posteriores        | 11:55 h | 100 m aprox.   |
| <b>ENTREGA DE PREMIOS A PARTIR DAS 12:15 horas</b> |                           |         |                |

### 4.-INSCRICIÓNS

As inscricións faranse a través da páxina [www.carreirasgalegas.com](http://www.carreirasgalegas.com), remantando o prazo ás 23:59 horas do mércores 10 de outubro. Non poderán tramitarse incricións o mesmo día da proba.

As inscricións terán un custo de 7,5€ para as categorías: xuevnil-junior, promesa-senior e veteranos. As inscricións dos benxamíns, alevíns, infantís e cadetes Terán un custo de 2,5€ mentres que as incricións dos pequerrechos será gratuita.



A recadación irá destinada a Fundación ADRA, para poder dotar de mellores servizos e prestacións, tales como poder comprar alimentos, a organización dunha festa de Nadal e unha festa de Reis para os nenos.

Así mesmo dentro da propia páxina, será posible, colaborar con:

- DORSAL 0: Donativo de 2, 5, 10, 20 ou 50 Euros en colaboración coa Fundación ADRA e non poder participar na carreira.
- Donativo: Todas aquelas persoas participantes na proba absoluta que desexen realizar un donativo á Fundación ADRA poderán facelo dentro da propia inscrición da carreira.

A Organización resérvase o dereito para rexeitar calquera inscrición que non acepte os termos e condicións do evento que queden expostos no presente regulamento. En caso de dúbida ou de xurdir algunha situación non reflectida no mesmo, estarase ao que dispoña a organización.

## 5.-RETIRADA DE DORSAIS

A retirada de dorsais será o mesmo día da proba na secretaría ubicada nas inmediacións da saída das carreiras, dende as 8:45h ata media hora antes de cada proba. O dorsal estará situado no peito e terá que ser visible ao longo de toda a proba.

Entrega de camiseta conmemorativa co dorsal da carreira ata as 600 unidades.

## 6.-SERVIZOS

A organización dispondrá a asistencia sanitaria con ambulancia. Ó finalizar cada carreira haberá servizo de avituallamento para cada participante. A proba conta cun seguro de Responsabilidade Civil e un seguro de accidentes deportivos para os participantes.

O corredor disporá de servizo de duchas e vestiários no Pavillón do Graxal.

## 7.-TROFEOS E PREMIOS

Os premios serán repartidos da seguinte maneira:

- Medallas conmemorativas para todos/as na categoría pequerrecho e camisetas para o resto de corredores ata chegar ás 600.
- Trofeos para aos/ás 1º, 2º e 3º clasificados/as en cada categoría tanto en masculinos como femininos dende Sub 10 ata Máster 5.
- Trofeo ao participante máis veterán e ao máis pequeno.
- Bolsa conmemorativa para todos os participantes.

## 8.-VEHÍCULOS

Non está permitido o acompañamento na proba de ningún vehículo alleo á organización. Nin bicicletas, patíns ou persoas non inscritas na proba que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos ós participantes.



## 9.-RETIRADAS E DESCALIFICACIÓNS

Todo corredor/a que non entre na liña de meta co dorsal ben visible colocado na zona do peito ou que incumpla as normas establecidas no regulamento da Federación Galega de Atletismo e da RFEA referente a probas en ruta, poderá ser descalificado.

O servizo médico da competición está facultado para retirar da carreira a calquer atleta que manifeste un mal estado físico.

As reclamacións ós resultados oficiais, deberán formularse verbalmente ó Xuíz Arbitro da Competición non mais tarde de 30 minutos despois da publicación dos mesmos

## 10.- OUTROS

**ASISTENCIA MÉDICA E SEGUROS:** A organización contará con servizos médicos e ambulancia na zona de saída/meta desde unha hora antes do comezo das probas e ata media hora despois da finalización. Os servizos médicos e o xuíz árbitro da competición están facultados para retirar da carreira a calquera participante que manifeste un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma.

**SEGURO:** Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba. Quedan excluídos os casos derivados dun padecimento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo.

A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón:  
Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse, á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais organizadores.

Coa realización da inscrición, todo participante cede os seus dereitos de imaxe á organización, que utilizará as imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos.

**ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO:** Todos os participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir alguna situación non prevista no mesmo, resolverase de acordo ao que dispoña o Comité Organizador e polas normas da FGA, RFEA e IAAF en vigor.

**NOTA:** Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día de ranking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda. de Glasgow 13 15008 A Coruña.